

**Reunido o Departamento de Educación Física do IES de Brión en sesión extraordinaria o venres 22 de abril ás 12.05h, aproba a seguinte Addenda:**

#### **ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA**

Segundo o establecido na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 (DOG do 11 de febreiro de 2022) pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinandas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o Departamento de Educación Física establece as seguintes modificacións na programación didáctica deste curso 2021-2022.

1. **Elimínanse todos os aspectos referentes á avaliación extraordinaria** en todos os cursos e materias de **educación secundaria obrigatoria** ao desaparecer na Orde citada anteriormente.

2. **Na páxina 24 da Programación, o apartado 5.1.3. queda redactado do seguinte xeito:**

5.1.3. Actitudes, valores e normas.

Os contidos desenvolvidos na materia de Educación Física colaboran ao cumprimento dunhas normas específicas desta materia (ver apartado 17.1), á manifestación dunhas actitudes e ao recoñecemento duns valores, que pasamos a enumerar de seguido, por niveis.

3. **Na páxina 44 da Programación, o apartado 12.3.2. queda redactado do seguinte xeito:**

12.3.2. Normas

Aqueles aspectos dos contidos traballados nas clases de Educación Física, e que trascenden ao día a día, serán considerados como un marcador de logro dos obxectivos que figuran nesta Programación.

Empregaremos, para isto, cuestionarios de autoavaliación e rexistros de observación en aula, ademais de traballos específicos e entrevistas.

4. **3ª Avaliación Parcial: Criterios de Cualificación (ESO)**

Na páxina 62, o apartado 17.2 queda redactado do seguinte xeito:

Aqueles/as alumnos/as que non acaden unha cualificación positiva na asignatura na terceira avaliación parcial,, terán que presentar un traballo teórico na avaliación final, sobre as partes da asignatura non superadas durante o curso e realizar aquelas probos físicas nas que tampouco acadaran os mínimos. Para cada caso particular, o Departamento de Educación Física entregará por escrito as pautas para facer o traballo, e o material necesario, indicando tamén os exercicios prácticos que o/a alumno/a terá que realizar.

### **Actividades para o período que abrangue do 6 ao 22 de xuño (Bacharelato):**

A docencia para o alumnado de bacharelato dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

### **Actividades para o período que abrangue do 6 ao 22 de xuño e Criterios de Cualificación para a Avaliación Final da ESO**

- Alumnado aprobado na 3ª avaliación parcial: O alumnado que teña a aprobada a materia na 3ª avaliación parcial poderá subir a súa cualificación atendendo aos criterios establecidos de avaliación continua establecidos na programación, tendo en conta que son 4-6 sesións de traballo.
- Alumnado suspenso na 3ª avaliación parcial: O alumnado que non acade o 5 na 3ª avaliación realizará o traballo personalizado tal e como se indica na nova redacción do apartado 17.2 indicado máis arriba.

Brión, 22 de abril de 2022